



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



Proba de graduado en
educación secundaria
ÁMBITO SOCIAL

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Probas de graduado en educación secundaria

Maio 2019

Ámbito Social (Modelo A)

1º apelido / 1^{er} apellido	
2º apelido / 2º apellido	
Nome / Nombre	
DNI	



Xacobeo 2021



1. Formato da proba

Formato

- A proba constará de 25 cuestións tipo test.
La prueba constará de 25 cuestiones tipo test.
- As cuestións teñen catro posibles respostas, das que soamente unha é correcta.
Las cuestiones tienen cuatro posibles respuestas, de las que solamente una es correcta.

Puntuación

- Un punto por cuestión correctamente contestada.
Un punto por cuestión correctamente contestada.
- Cada resposta incorrecta restará 0,25 puntos.
Cada respuesta incorrecta restará 0,25 puntos.
- As respostas en branco non descontarán puntuación.
Las respuestas en blanco no descontarán puntuación.

Duración

- Este exercicio terá unha duración máxima de 60 minutos.
Este ejercicio tendrá una duración máxima de 60 minutos.

Procedemento / Procedimiento

- En cada cuestión, sinale a resposta correcta rodeando cun círculo a letra elixida. Se quere rectificar, risque a letra elixida e rodee cun círculo a opción que considere correcta.
En cada cuestión, señale la respuesta correcta rodeando con un círculo la letra elegida. Si quiere rectificar, tache la letra elegida y rodee con un círculo la opción que considere correcta.
- Neste caderno de exame pode realizar as anotacións que quixer.
En este cuaderno de examen puede realizar las anotaciones que desee.
- Traslade despois as respostas elixidas á folla de respostas.
Traslade después las respuestas elegidas a la hoja de respuestas.



2. Exercicio

Texto 1

Os problemas da agricultura en Europa

Nos 25 anos que van de 1970 a 1995 houbo unha redución moi grande da poboación activa na agricultura europea, que foi máis espectacular naqueles países que no primeiro momento tiñan os niveis máis altos de poboación empregada no sector (Italia, España, Portugal, Irlanda e Grecia).

O sector agrario español quere ser reforzado, entre outras cousas, para evitar o abandono masivo do campo, que é unha constante desde hai bastantes anos no noso país. Isto provoca o avellentamento da poboación das nosas zonas rurais e, ás veces, a despoboación. Este abandono do campo é un dos grandes males, non só da agricultura española, senón da agricultura en todo o mundo desenvolvido.

Alban D'Entremont, *Xeografía económica*, 1997. Texto adaptado.

Texto 1

Los problemas de la agricultura en Europa

En los 25 años que van de 1970 a 1995 hubo una reducción muy grande de la población activa en la agricultura europea, que fue más espectacular en aquellos países que en un primer momento tenían los niveles más altos de población empleada en el sector (Italia, España, Portugal, Irlanda y Grecia).

El sector agrario español quiere ser reforzado, entre otras cosas, para evitar el abandono masivo del campo, que es una constante desde hace bastantes años en nuestro país. Esto provoca el envejecimiento de la población de nuestras zonas rurales y, a veces, la despoblación. Este abandono del campo es uno de los grandes males, no solo de la agricultura española, sino de la agricultura en todo el mundo desarrollado.

Alban D'Entremont, *Geografía económica*, 1997. Texto adaptado.

1. A cal dos sectores económicos fai referencia o texto 1?

¿A cuál de los sectores económicos hace referencia el texto 1?

- A Sector primario.
- B Sector secundario.
- C Sector terciario.
- D Sector cuaternario.

2. O autor do texto 1 sinala que o principal problema da agricultura española é de natureza...

El autor del texto 1 señala que el principal problema de la agricultura española es de naturaleza...

- A Económica.
- B Técnica.
- C Demográfica.
- D Política.

3. A que parte da poboación fai referencia o termo “poboación activa” (líña 1)?

¿A qué parte de la población hace referencia el término “población activa” (línea 1)?

- A Ao conxunto total da poboación dun país.
Al conjunto total de la población de un país.
- B Aos tramos comprendidos entre os 0 e os 16 anos, e desde os 65 ata a defunción.
A los tramos comprendidos entre los 0 y los 16 años, y desde los 65 hasta la defunción.
- C Á parte da poboación en idade laboral que ou ben traballa de forma remunerada ou busca de forma activa un emprego.
A la parte de la población en edad laboral que o bien trabaja de forma remunerada o busca de forma activa un empleo.
- D Exclusivamente á poboación en idade laboral que traballa de forma remunerada.
Exclusivamente a la población en edad laboral que trabaja de forma remunerada.



4. En relación á tendencia sinalada no texto 1, que porcentaxe da poboación activa se dedica hoxe en día á agricultura en España?

En relación a la tendencia señalada en el texto 1, ¿qué porcentaje de la población activa se dedica a día de hoy a la agricultura en España?

- A** A inmensa maioría, cunha porcentaxe superior ao 80%.
La inmensa mayoría, con un porcentaje superior al 80%.
- B** Unha parte significativa, cunha porcentaxe ao redor do 40%.
Una parte significativa, con un porcentaje cercano al 40%.
- C** Aproximadamente unha de cada catro persoas, nunha porcentaxe preto do 25%.
Aproximadamente una de cada cuatro personas, en un porcentaje próximo al 25%.
- D** Unha parte reducida, nunha porcentaxe inferior ao 5%.
Una parte reducida, en un porcentaje inferior al 5%.

5. Cal das seguintes situacións corresponde coa dun país desenvolvido?

¿Cuál de las siguientes situaciones se corresponde con la de un país desarrollado?

- A** Elevado PIB (Produto Interior Bruto), baixo PIB *per cápita*, baixo IDH (Índice de Desenvolvemento Humano).
Elevado PIB (Producto Interior Bruto), bajo PIB per cápita, bajo IDH (Índice de Desarrollo Humano).
- B** Elevado PIB (Produto Interior Bruto), elevado PIB *per cápita*, elevado IDH (Índice de Desenvolvemento Humano).
Elevado PIB (Producto Interior Bruto), elevado PIB per cápita, elevado IDH (Índice de Desarrollo Humano).
- C** Baixo PIB (Produto Interior Bruto), baixo PIB *per cápita*, baixo IDH (Índice de Desenvolvemento Humano).
Bajo PIB (Producto Interior Bruto), bajo PIB per cápita, bajo IDH (Índice de Desarrollo Humano).
- D** Un elevado crecemento económico, independentemente de calquera outra circunstancia.
Un elevado crecimiento económico, independientemente de cualquier otra circunstancia.

6. Con cal dos seguintes problemas medioambientais está relacionada a emisión incontrolada de CO₂ na atmosfera?

¿Con cuál de los siguientes problemas medioambientales está relacionada la emisión incontrolada de CO₂ en la atmósfera?

- A** Coa choiva ácida.
Con la lluvia ácida.
- B** Co quecemento global.
Con el calentamiento global.
- C** Co burato da capa de ozono.
Con el agujero de la capa de ozono.
- D** Coa contaminación das augas mariñas.
Con la contaminación de las aguas marinas.

7. Se a taxa de natalidade galega se atopa no 7,2 ‰ e a taxa de mortalidade está no 10,9 ‰, cal das seguintes afirmacións é a correcta?

Si la tasa de natalidad gallega se encuentra en el 7,2 ‰ y la tasa de mortalidad está en el 10,9 ‰, ¿cuál de las siguientes afirmaciones es la correcta?

- A** O saldo vexetativo é negativo, pérdese poboación.
El saldo vegetativo es negativo, se pierde población.
- B** O saldo vexetativo é positivo, aumenta a poboación.
El saldo vegetativo es positivo, aumenta la población.
- C** A taxa de natalidade atópase por riba da taxa de mortalidade.
La tasa de natalidad se encuentra por encima de la tasa de mortalidad.
- D** A poboación tende a se manter estable, sen incrementos nin perdas.
La población tiende a mantenerse estable, sin incrementos ni pérdidas.



8. Cal das seguintes formas de enerxía se produce de forma continua, é inesgotable a escala humana e respecta o medio ambiente?

¿Cuál de las siguientes formas de energía se produce de forma continua, es inagotable a escala humana y respeta el medioambiente?

- A** Petróleo.
Petróleo.
- B** Carbón.
Carbón.
- C** Enerxía nuclear.
Energía nuclear.
- D** Enerxía solar.
Energía solar.

9. Cal dos seguintes é un imposto indirecto?

¿Cuál de los siguientes es un impuesto indirecto?

- A** O IVE (Imposto do Valor Engadido).
El IVA (Impuesto del Valor Añadido).
- B** O IBI (Imposto de Bens Inmобles).
El IBI (Impuesto de Bienes Inmuebles).
- C** O IRPF (Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas).
O IRPF (Impuesto sobre la Renta de las Personas Físicas).
- D** O IS (Imposto de sociedades).
El IS (Impuesto de sociedades).

10. No ámbito da economía, a deflación supón...

En el ámbito de la economía, la deflación supone...

- A** Unha suba xeral do nivel dos prezos.
Una subida general del nivel de los precios.
- B** O mantemento xeneralizado dos prezos ao mesmo nivel que o ano anterior.
El mantenimiento generalizado de los precios al mismo nivel que el año anterior.
- C** Unha baixada xeral do nivel dos prezos.
Una bajada general del nivel de precios.
- D** Unha flutuación continua do nivel dos prezos, facéndoos imprevisibles.
Una fluctuación continua del nivel de los precios, haciéndolos imprevisibles.



Texto 2

A batalla de Verdún

Eses tres días pasados encollidos na terra, sen beber nin comer, os laios dos feridos, logo o ataque dos boches [alemáns] e nós. Despois, ao fin, paran as queixas; e os obuses, que nos esnaquizan os nervios e nos apestan, non nos darán tregua ningunha, e as terribles horas que se pasan coas máscaras e os anteollos no rostro, os ollos choran e cóspese sangue!, despois os oficiais que marchan para sempre, noticias fúnebres que se transmiten de boca a boca no buraco; e as ordes boches dadas en voz alta ata 50 metros de nós; todos de pé; logo o traballo co pico baixo as terribles balas e o horrible ta-ta-ta das metralladoras.

Carta dun soldado. Verdún, marzo de 1916.

Texto 2

La batalla de Verdún

Esos tres días pasados encogidos en la tierra, sin beber ni comer, los quejidos de los heridos, luego el ataque de los boches [alemanes] y nosotros. Después, al fin, paran las quejas; y los obuses, que nos destrozan los nervios y nos apestan, no nos darán tregua alguna, y las terribles horas que se pasan con las máscaras y las gafas en el rostro, ¡los ojos lloran y se escupe sangre!, después los oficiales que se van para siempre, noticias fúnebres que se transmiten de boca en boca en el agujero; y las órdenes boches dadas en voz alta hasta 50 metros de nosotros; todos de pie; luego el trabajo con el pico bajo las terribles balas y el horrible ta-ta-ta de las ametralladoras.

Carta de un soldado. Verdún, marzo de 1916.

11. A que contenda fai referencia o texto 2?

¿A qué contienda hace referencia el texto 2?

- A** Á guerra franco-prusiana.
A la guerra franco-prusiana.
- B** Á I Guerra Mundial.
A la I Guerra Mundial.
- C** Á II Guerra Mundial.
A la II Guerra Mundial.
- D** Ás guerras napoleónicas.
A las guerras napoleónicas.

12. Pola súa descrición, a que forma de facer a guerra, inventada durante a devandita contenda, se refire o soldado?

¿Por su descripción, a qué forma de hacer la guerra, inventada durante dicha contienda, se refiere el soldado?

- A** Á guerra de trincheiras.
A la guerra de trincheras.
- B** Á guerra lóstrego ou “blitzkrieg”.
A la guerra relámpago o “blitzkrieg”.
- C** Á guerra asimétrica.
A la guerra asimétrica.
- D** Á guerra de guerrillas.
A la guerra de guerrillas.



13. Por mor de que innovación, utilizada nesta guerra, sinala no texto 2 o soldado que debe levar máscara e anteollos de protección durante longas horas?

¿A causa de qué innovación, utilizada en esta guerra, señala el soldado en el texto 2 que debe llevar máscara y gafas de protección durante largas horas?

- A** Por mor das armas químicas, tales como gases asfixiantes.
A causa de las armas químicas, tales como gases asfixiantes.
- B** Por mor das armas nucleares e da radiación posterior.
A causa de las armas nucleares y de la radiación posterior.
- C** Por mor das armas biolóxicas, tales como o ántrax.
A causa de las armas biológicas, tales como el ántrax.
- D** Por mor das armas incendiarias, tales como o napalm.
A causa de las armas incendiarias, tales como el napalm.

14. Cal foi a duración da guerra na que se viu inmerso o autor do texto 2?

¿Cuál fue la duración de la guerra en que se vio inmerso el autor del texto 2?

- A** Comezou e rematou nese mesmo ano, en 1916.
Comenzó y acabó en ese mismo año, en 1916.
- B** Comezou en 1914 e non rematou ata 1939.
Comenzó en 1914 y no terminó hasta 1939.
- C** Durou de 1914 a 1918.
Duró de 1914 a 1918.
- D** Mantívose desde ese ano, 1916, ata unha década despois, rematando en 1926.
Se mantuvo desde ese año, 1916, hasta una década después, terminando en 1926.

15. En que momento aparecen monumentos tales como as murallas de Lugo, a Torre de Hércules ou as termas de Bande (Ourense)?

¿En qué momento aparecen monumentos tales como las murallas de Lugo, la Torre de Hércules o las termas de Bande (Ourense)?

- A** Durante a fase de dominio romano da Península Ibérica.
Durante la fase de dominio romano de la Península Ibérica.
- B** Durante o reino suevo.
Durante el reino suevo.
- C** Durante a monarquía dos Reis Católicos.
Durante la monarquía de los Reyes Católicos.
- D** Durante as revoltas irmandiñas.
Durante las revueltas irmandiñas.

16. Indique a opción na que figuren os acontecementos na súa orde correcta.

Indique la opción en la que figuren los acontecimientos en su orden correcto.

- A** II República, Guerra civil, Ditadura franquista, Transición.
II República, Guerra civil, Dictadura franquista, Transición.
- B** Guerra civil, Transición, II República, Ditadura franquista.
Guerra civil, Transición, II República, Dictadura franquista.
- C** Ditadura franquista, Transición, II República, Guerra civil.
Dictadura franquista, Transición, II República, Guerra civil.
- D** Guerra civil, Ditadura franquista, Transición, II República.
Guerra civil, Dictadura franquista, Transición, II República.

17. Con cal das seguintes propostas políticas corresponde o lema: “Todo para o pobo pero sen o pobo”?

¿Con cuál de los siguientes planteamientos políticos se corresponde el lema “Todo para el pueblo pero sin el pueblo”?

- A** Democracia.
- B** Oligarquía.
- C** Anarquismo.
- D** Despotismo ilustrado.

18. En que conflito se empregaron por vez primeira as armas nucleares?

¿En qué conflicto se emplearon por primera vez las armas nucleares?

- A** Na Guerra Fría.
En la Guerra Fría.
- B** Na I Guerra Mundial.
En la I Guerra Mundial.
- C** Na II Guerra Mundial.
En la II Guerra Mundial.
- D** Na Guerra dos Seis Días.
En la Guerra de los Seis Días.

19. A existencia de estamentos, tales como a nobreza, o clero ou o terceiro estado, corresponde cunha sociedade...


La existencia de estamentos, tales como la nobleza, el clero o el tercer estado, se corresponde con una sociedad...

- A** de clases.
de clases.
- B** do Antigo Réxime.
del Antiguo Régimen.
- C** comunista.
comunista.
- D** paleolítica.
paleolítica.

20. Identifique a obra, o artista e o movemento artístico desta imaxe.

Identifique la obra, el artista y el movimiento artístico de esta imagen.

- A** *Modulor*, Le Corbusier, Modernismo.
Modulor, Le Corbusier, Modernismo.
- B** *O home de Vitruvio*, Leonardo da Vinci, Renacemento.
El Hombre de Vitruvio, Leonardo da Vinci, Renacimiento.
- C** *O Doríforo*, Policleto, Clasicismo.
El Doríforo, Policleto, Clasicismo.
- D** *A lección de anatomía do doutor Nicolás Tulp*, Rembrandt, Barroco.
La lección de anatomía del doctor Nicolás Tulp, Rembrandt, Barroco.





21. Identifique a obra, o artista e o movemento artístico ao que pertence a imaxe superior.

Identifique la obra, el artista y el movimiento artístico al que pertenece la imagen superior.

- A** *O Guernica, Pablo Picasso, Cubismo.*
El Guernica, Pablo Picasso, Cubismo.
- B** *Cadrado negro sobre fondo branco, Kazimir Malévich, Suprematismo.*
Cuadrado negro sobre fondo blanco, Kazimir Malévich, Suprematismo.
- C** *Torre de cabalos azuis, Franz Marc, Expresionismo.*
Torre de caballos azules, Franz Marc, Expresionismo.
- D** *O xinete de Artemisión, autor descoñecido, Helenismo.*
El jinete de Artemisión, autor desconocido, Helenismo.

22. Que documento, intimamente ligado á Historia de Galicia, nos permite constatar a chegada da música polifónica ao territorio da actual comunidade autónoma?

¿Qué documento, íntimamente ligado a la Historia de Galicia, nos permite constatar la llegada de la música polifónica al territorio de la actual comunidad autónoma?

- A** *O Estatuto de Autonomía.*
El Estatuto de Autonomía.
- B** *A Ora Marítima.*
La Ora Marítima.
- C** *O Códice Calixtino.*
El Códice Calixtino.
- D** *O Ciprianillo.*
El Ciprianillo.

23. En que momento histórico aparece a ópera?

¿En qué momento histórico aparece la ópera?

- A** *Na época clásica, coa civilización grega.*
En la época clásica, con la civilización griega.
- B** *Ao longo do século X, nos mosteiros medievais europeos.*
A lo largo del siglo X, en los monasterios medievales europeos.
- C** *No Barroco, en Europa.*
En el Barroco, en Europa.
- D** *Nos albores do século XX, durante a Belle Époque.*
En los comienzos del siglo XX, durante la Belle Époque.



24. Cal dos seguintes autores enuncia as bases do sistema económico capitalista?

¿Cuál de los siguientes autores enuncia las bases del sistema económico capitalista?

- A** Karl Marx.
Karl Marx.
- B** Adam Smith.
Adam Smith.
- C** Ayn Rand.
Ayn Rand.
- D** John Maynard Keynes.
John Maynard Keynes.

25. Que método se utilizaba para intercambiar bens antes da existencia da moeda?

¿Qué método se empleaba para intercambiar bienes antes de la existencia de la moneda?

- A** O crédito.
El crédito.
- B** O débito.
El débito.
- C** A letra de cambio.
La letra de cambio.
- D** O troco.
El trueque.